



**CONVENIO MARCO
DE
COLABORACIÓN ENTRE A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E O COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA**



En Santiago de Compostela, a 12 de xuño de 2008.

COMPARECEN

Dunha parte, D. Senén Barro Ameneiro, Rector Magfo. da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 93/2006, de 1 de xuño (DOG de 8 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, e do artigo 87 do Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela

Doutra parte, D^a. María Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, actuando en nome e representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (en adiante COPG), con CIF Q-1500265B, e domicilio na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 15706, Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema productivo.

SEGUNDO.- Que segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

TERCEIRO.- Que o COPG é unha Corporación de Dereito público que ten entre as súas funcións o ordenamento e vixilancia do exercicio da profesión de psicólogo; a promoción da formación e perfeccionamento dos colexiados, a cooperación na mellora dos estudos universitarios de Psicoloxía, e o fomento da promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica.

CUARTO.- Que segundo o artigo 3 dos Estatutos do COPG, para o mellor desenvolvemento dos seus fins, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia poderá establecer relacións con administracións, institucións e organismos de dentro e fóra de Galicia.

QUINTO.- Que tanto o COPG como a USC están de acordo en establecer unha colaboración nos eidos de interese común, incluíndo a participación conxunta en proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento; actividades de formación e perfeccionamento dos e das profesionais, e actividades de formación práctica de estudantes.

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'S. Barro', written over a horizontal line.

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'M. Rosa', written in a stylized, cursive manner.

Tendo en conta o anteriormente exposto, a USC e o COPG

CONVEÑEN

Estreitar as súas relacións, unir esforzos e establecer normas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro dun marco preestablecido, os contactos e colaboracións de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FINALIDADE DO ACORDO MARCO


O obxecto deste acordo é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a USC e o COPG en actividades de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento; formación e perfeccionamento de profesionais, e formación práctica de estudantes, no ámbito científico e profesional da Psicoloxía.

SEGUNDA.- MODALIDADES DE COLABORACIÓN

- Execución de proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, a realizar entre os Departamentos, Centros e/ou Institutos da USC e o COPG.
- Cooperación en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.
- Colaboración na formación práctica tutelada e no achegamento ó exercicio profesional de estudantes de titulacións universitarias oficiais da Facultade de Psicoloxía da USC.
- Colaboración nos procesos de avaliación e certificación da calidade das actividades de formación e de recoñecemento de competencias profesionais que competen a cada parte.
- Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade de ambas entidades.
- Organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente Acordo Marco.

TERCEIRA.- NORMAS DE COLABORACIÓN

A participación dos investigadores da USC nas actividades recollidas no presente convenio efectuarase conforme á regulamentación propia da USC recollida nos seus Estatutos e no Regulamento para a realización de actividades de



investigación ó abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, de acordo coa Lei de Incompatibilidades do Persoal ó Servicio das Administracións Públicas, e coa Lei Orgánica de Universidades.

As colaboracións derivadas deste Acordo Marco quedarán sometidas ás normas aquí indicadas e a aquelas que se acorden para cada un dos Convenios Específicos, tendo en conta a natureza da colaboración e o Centro onde se realice o traballo.

CUARTA.- CONTIDO DOS CONVENIOS ESPECÍFICOS

Cada proxecto e/ou programa de actuación no marco deste Acordo será obxecto dun Convenio/Contrato Específico que deberá conter, entre outros, os seguintes aspectos:

- Definición do obxectivo que se persegue.
- Descrición do plan de traballo, que incluírá as distintas fases do mesmo e a cronoloxía do seu desenvolvemento.
- Presuposto total e medios materiais e humanos que requira o citado programa, especificando as aportacións de cada entidade.
- Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- Nomes das persoas, unha por cada parte, que se designarán por mutuo acordo e se responsabilizarán da marcha do Convenio.

QUINTA.- ESTABLECEMENTO DA COMISIÓN MIXTA


Para facilitar a elaboración dos Convenios Específicos, o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha Comisión Mixta paritaria integrada, por parte da USC, por dous representantes da Facultade de Psicoloxía, un dos cales será o seu Decano ou Decana e, por parte do COPG, por dous representantes, un dos cales será o seu Decano ou Decana.

A Comisión Mixta dictará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

SEXTA.- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN MIXTA

Á Comisión Mixta correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

- Propoñer posibilidades de colaboración en temas de interese común.
- Preparar os Convenios Específicos de execución do presente Acordo Marco sobre as materias seleccionadas, dentro das modalidades de colaboración establecidas na cláusula segunda.
- Elevar as propostas que elabore ós órganos competentes das dúas partes.



- Realizar o seguimento dos Convenios Específicos que se subscriban, así como aclarar e decidir cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.

SÉTIMA.- EQUIPAMENTO E INSTALACIÓNS

Os bens aportados por unha parte nun proxecto común serán sempre da súa propiedade. A propiedade de bens inmobles ou equipos adquiridos ou construídos no marco de un proxecto común determinarase, en cada caso, no Convenio Específico correspondente.

Cada unha das partes facilitará á outra, dentro das súas dispoñibilidades, o uso das súas instalacións para actividades encadradas nos fins deste acordo marco.

OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente Acordo Marco entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia será de tres anos, renovables por períodos iguais por acordo tácito.

NOVENA.- MODIFICACIÓN E RESCISIÓN

As partes poderán modificar ou denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, denunciar o presente acordo comunicándoo por escrito á outra parte con seis meses de antelación á data no que o vaia dar por rematado. En ambos casos deberanse rematar as tarefas dos Convenios Específicos que estean vixentes.

DÉCIMA.- XURISDICCIÓN

O COPG e a USC comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

No seu caso, as partes contratantes someterán as diverxencias que se puideran presentar en orde á interpretación ou cumprimento do presente Convenio ós Xulgados da orde xurisdiccional contencioso-administrativa de Santiago de Compostela, dado o carácter público da Universidade.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados.

Pola USC



O reitor

Polo COPG



A decana